

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

Presidencia

*Lei 12/1989, do 4 de outubro, de derogación da disposición transitoria terceira da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.*

A Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, introduciu a facultade do Presidente para disolver o Parlamento, se ben, no seu dereito transitorio, estableceu que a citada facultade só se podería exercitar en futuras lexislaturas.

A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do rexime electoral xeral, no seu artigo 42, aplicable ás eleccións ó Parlamento de Galicia, fixa uns estritos e rigorosos cómputos para o establecemento da data das eleccións con tan só seis días de marxe, o que supón que as vindeiras eleccións ó Parlamento de Galicia deberían celebrarse necesariamente entre Nadal e Aninovo.

Ante as previsibles dificultades que lle poida orixinar a un importante sector da poboación galega a coincidencia do día da votación coas festas de Nadal, e co obxecto de preservalo establecido no artigo 9.2 da Constitución, segundo o cal lles corresponde ós poderes públicos facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, faise necesario derroga-la citada disposición transitoria, para lle permitir ó Presidente da Xunta exercer-la facultade disolutoria oportuna.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo en nome de El-Rei, a Lei de derogación de disposición transitoria terceira da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Artigo único

Queda derogada a disposición transitoria terceira da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, que fora incorporada á mesma polo artigo duocédimo da Lei 11/1988, do 20 de outubro.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, catro de outubro de mil novecentos oitenta e nove.

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente

## III. OUTRAS DISPOSICIÓN

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Resolución do 11 de setembro de 1989, da Dirección Xeral de Xusticia e Administración Territorial, pola que se anuncia a apertura de expediente sancionador a dona Mercedes Pérez Caramés.*

Como consecuencia da denuncia formulada por inspectores do xogo da Xunta de Galicia o día 18 de maio de 1989, na que se aprecian feitos que puidesen constituir infraccións da Lei de Xogos e Apostos de Galicia, aparece como responsable dona Mercedes Pérez Caramés, con domicilio na Rúa Naranjo, n.º 23, de Pontevedra.

O día 2 de xuño de 1989, a Consellería da Presidencia e Administración Pública, á vista da denuncia formulada, dictou providencia de incoación de expediente sancionador á persoa sinalada, nomeando instructora e secretaria del ás funcionarias dona Montserrat Liqueste Cuadrado e dona Társila Rey González, respectivamente, de conformidade co disposto nos artigos 134 e 135 da Lei de Procedemento Administrativo.

O 20 de xuño de 1989 formúlase o seguinte prego de cargos:

Que a máquina tipo «B» modelo B-1392 serie 1-18.825 instalada no establecemento de referencia no momento da inspección carece do preceptivo permiso de explotación da C.A. polo que presuntamente infrinxe o artigo 6 c) e 19 da Lei 14/1985, 11 e 1.1 do Decreto 374/1986, do 30 de outubro.

O que se lle notifica para o seu coñecemento e efectos, co fin de que no prazo de oito días hábiles, a partir desta comunicación, poida efectuar as alegacións que consideren pertinentes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 1989.

Francisco J. D'Amorín Vieitez  
Director Xeral de Xusticia e Administración  
Territorial